



RESOLUCIÓN REITORAL DO 20 DE NOVEMBRO DO 2017 POLA QUE SE ENCOMENDAN Á FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA TAREFAS DE APOIO PARA O PROGRAMA ESPAZO COMPARTIDO DA UDC

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Segundo o artigo décimo terceiro dos Estatutos da Fundación da Universidade da Coruña (en adiante FUAC) a FUAC é un medio propio e servizo técnico da Universidade da Coruña (en adiante UDC), a súa relación coa UDC considérase, para todos os efectos, de carácter interno, dependente e subordinado, e artículase a través de encomendas de xestión, de conformidade co previsto no artigo 24.6 do texto refundido da Lei de contratos do sector público (LCSP).

SEGUNDO. A FUAC ven encargándose da xestión económica-administrativa do programa de Espazo Compartido que ten como obxecto a formación en habilidades persoais, sociais e competencias básicas, para a empregabilidade e o fomento da inclusión laboral de mozos e mozas con discapacidade cognitiva.

TERCEIRO. A UDC require:

- 1.- O establecemento dun **programa de prácticas** para a formación de titulados dentro do programa Espazo Compartido da UDC
2. Arbitrar os medios necesarios para a realización das prácticas do alumnado propio do programa.

Conforme á seguinte:

ENCOMENDA DE XESTIÓN

PRIMEIRO. A presente encomenda de xestión baséase no artigo 24.6 do texto refundido da LCSP tendo por tanto un carácter obrigatorio para a FUAC, quen deberá aceptala e executala conforme as instrución dadas desde á Vicerreitoría do Campus de Ferrol e de Responsabilidade Social para a interpretación dos traballos encomendados e o seguimento destes

SEGUNDO. De acordo coa normativa da UDC, a presente encomenda é competencia da Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.

TERCEIRO. As actuacións a realizar pola FUAC obxecto da presente encomenda son:

- 1.- A posta en marcha dun programa de prácticas formativas para persoas tituladas da UDC posibilitando a posta en práctica dos coñecementos adquiridos na súa formación.
2. Prestar apoio para a realización de prácticas laborais externas do alumnado a través da figura dun preparador laboral.

A dirección do programa Espazo Compartido, que corresponde á Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, será a responsable da calidade técnica do programa de prácticas encomendado.

Código Seguro De Verificación	Y9gJUtiXrn6F4/plUujmow==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	22/11/2017 14:14:49
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Y9gJUtiXrn6F4/plUujmow==		





CUARTO. O orzamento para a execución da presente encomenda ascende a QUINCE MIL EUROS (15.000 €). Consonte a Lei 28/2014, que modifica a Lei 37/1992 do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) as contías derivada das encomendas baseadas nos artigos 4.1 e 24.6 do TRLCSP non están suxeitas ao imposto sobre o valor engadido (IVE).

QUINTO. O pagamento da cantidade estipulada realizarase previa xustificación de:

- Tarefas realizadas. Serán xustificadas coa certificación da dirección do programa Espazo Compartido da relación de persoas beneficiarias e duracións individuais, da correcta realización das mesmas e da disponibilidad dos programas formativos individuais. Ditos programas formativos deberán estar asinados polas persoas beneficiarias e as persoas que fixeran a función de titorización.
- Gastos Directos. Representarán o 85% da contía indicada e poderán estar formados por gastos directos das bolsas (dotacións de bolsas, cotizacións sociais e facturas externas á FUAC) así como polos gastos de orientación laboral nas prácticas do alumnado do programa, e serán xustificadas cunha certificación dos gastos efectivamente realizados, contabilizados e asignados ao programa.
- Gastos Xerais. Da contía indicada, e conforme á encomenda xeral de servizos da UDC á FUAC, o importe dos gastos xerais será do 15% do total do importe, desagregado tal como se indica de seguido:
 - 7,5% para a secretaría técnica e coordinación dos cursos por parte do programa Espazo Compartido da UDC.
 - 2,5% para as tarefas de xustificación e xestión documental da actuación, por parte do programa de Espazo Compartido da UDC ou da FUAC segundo o requira a Dirección do programa Espazo Compartido da UDC.
 - 5% para a xestión económica por parte da FUAC.

Dita certificación será remitida en prazo e forma á Vicerreitoría do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social. Todos os documentos xustificativos das tarefas realizadas ou dos gastos directos do período elixible correspondente á anualidade académica outubro 2016 – setembro 2017 deberán estar a disposición da UDC. Os gastos xerais indicados ata o 15% non requirirán xustificación.

SEXTO. A UDC poderá realizar os labores de inspección, comprobación ou seguimento que considerar oportuno sobre á realización dos traballos da encomenda.

SÉTIMO. A presente encomenda quedará condicionada á dispoñibilidade de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da UDC para 2017.

OITAVO. Nas súas actuacións xerais, organizativas e de apoio encomendadas en cuxo desenvolvemento sexa posible, a FUAC empregará a lingua galega e poderá recibir o asesoramento lingüístico do Servizo de Normalización Lingüística da UDC.

NOVENO. A realización da encomenda non suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre a FUAC e o persoal do programa Espazo Compartido.

Código Seguro De Verificación	Y9gJUtiXrn6F4/p1Uujmow==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	22/11/2017 14:14:49
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Y9gJUtiXrn6F4/p1Uujmow==		





DÉCIMO. A vixencia da presente encomenda rematará cando as actuacións obxecto da presente encomenda sexan realizadas e debidamente xustificadas, en todo caso antes do 31 de decembro do 2017. A presente encomenda non poderá ser prorrogada.

UNDÉCIMO. Corresponde á UDC á interpretación da presente encomenda así como resolver as posibles discrepancias que puidesen xurdir na súa execución.

Por todo o indicado, o reitor da UDC

RESOLVE

a) Encomendar á FUAC as actuacións referidas no apartado SEGUNDO da presente encomenda relacionadas co fornecemento do Programa de Espazo Compartido da UDC a través dun programa de prácticas de titulados.

b). O orzamento para as ditas actuacións ascende á cantidade de QUINCE MIL EUROS (15.000 €). Este importe non esta suxeito a IVE e se financiará con cargo a aplicación orzamentaria: 0900090012.422D.226.08. ACCIÓNS ADI. ESPAZO COMPARTIDO

A Coruña, 20 de novembro de 2017

O reitor da Universidade da Coruña

Julio Ernesto Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	Y9gJUtiXrn6F4/plUujmow==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	22/11/2017 14:14:49
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Y9gJUtiXrn6F4/plUujmow==		

